

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 27 DE MAIO DE 2013

SRES. ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIRAS/OS ASISTENTES:

D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ BARREIRO
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA
D. FRANCISCO J. GONZÁLEZ MARIÑO
DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
DONA SANDRA GARCÍA ROMA
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA MARÍA VILLARONGA CHAZO
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ
DONA M^a ELENA MARIÑO SOUTO
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO

SECRETARIA:

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA:

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezasete horas do día 27 de maio de 2013, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 29 de abril de 2013.

2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de abril de 2013.

3.- Toma de coñecemento das Resolucións da Alcaldía sobre composición da Xunta de Goberno Local e designación de Concelleiros Delegados.

4.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5.- Aprobación, se procede, da representación do Grupo Municipal do PP en diversos órganos colexiados municipais.

6.- Aprobación, se procede, da Memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2012.

7.- Exame das reclamacións e aprobación definitiva, se procede, do Regulamento de uso e funcionamento das instalacións culturais municipais.

8.- Exame das reclamacións e aprobación definitiva, se procede, da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos de utilización do Auditorio e outras instalacións do Concello.

9.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE sobre a cancelación de contas do Concello de Vilagarcía de Arousa, en Novagalicia Banco en apoio aos afectados polas obrigas preferentes e subordinadas.

10.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal de EU sobre a posta en funcionamento de programas en defensa da vivenda para as familias afectadas pola crise económica e que se atopen en risco de ser privadas da súa residencia habitual e permanente.

11.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG sobre a paralización dos artigos 40, 41 e 42 do Capítulo 4, do Título 3, da Ordenanza Municipal de Circulación.

- 12.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG a prol dunha correcta distribución dos recibos municipais.
- 13.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG a prol do mantemento dos Xulgados de Paz e da gratuidade dos Rexistros Cívís.
- 14.- Aprobación, se procede da Moción do Grupo Municipal do BNG para esixir a retirada da LOMCE polo seu carácter centralizador e desgaleguizador.
- 15.- Comparecencia do Concelleiro Delegado de Cultura e Xuventude.
- 16.- Interpelacións
- 17.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
- 18.- Rogos e preguntas.
- 19.- Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DE DATA 29 DE ABRIL DE 2013.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

- O Sr. Fajardo Recouso pide que non se solicite o DNI ás persoas que asistan ao Pleno. Indica que aproban a acta ata o momento no que se ausentaron desa sesión debido á negativa do Alcalde a anular a lista dos asistentes realizada pola Policía Local.

- A Sra. Villaronga Chazo di que no apartado de rogos e preguntas deben constar as respostas que se lles deron: O Sr. Alcalde díxolles que estean tranquilos que antes do remate da lexislatura lles contestarán.

Coas observacións indicadas apróbase a acta por unanimidade.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE ABRIL DE 2013.- Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATAS ANTERIORES:

- 1.- Aprobación expediente de baixas por erro contable de obrigas de exercicios pechados.
- 1.- Aceptación de xustificación de axuda concedida a Agrupación Voluntarios Protección Civil e recoñecemento de obriga.
- 3.- Recoñecemento obriga e orde de pago amortizacións préstamos e liquidacións de xuros.
- 1.- Orde de exhumación de restos mortais.
- 1.- Revogación acordo de compensación de débitos e créditos.
- 1.- Concesión de legalización de obras de reconstrución de alpendre.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE ABRIL 2013:

- 2.- Iniciar expediente administrativo sancionador infracción ruidos.
- 1.- Requirimento para acreditación encargo traballos informe ditame a técnico competente.
- 1.- Orde prazo para solicitude de legalización obras.
- 1.- Orde prazo para realización obras arranxo de muro exterior mantendo condicións de seguridade.
- 1.- Orde prazo para valado provisional de parcela.
- 4.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.
- 1.- Concesión de licenza definitiva actividade.
- 2.- Concesión de licenza provisional de actividade.
- 9.- Autorización de transmisión e/ou subrogación licenza municipal de actividade.
- 3.- Declaración desestímulo solicitude licenza municipal de actividade.
- 5.- Concesión de licenza de apertura de establecemento e/ou actividade.
- 1.- Declaración de caducidade de expediente solicitude transmisión de licenza de apertura.
- 1.- Aceptación de renuncia de expediente solicitude transmisión de licenza de apertura.
- 1.- Desestimación de recurso de reposición interposto contra resolución.
- 1.- Desestimación de alegacións contra orde solicitude licenza para legalización muros.
- 7.- Requirimento de presentación informe-ditame seguridade edificación.
- 2.- Imposición de multa coercitiva por incumprimento de resolución.

- 1.- Arquivo de expediente aberto a Comunidade de Propietarios por presentación informeditame seguridade.
- 2.- Declaración de caducidade procedemento reposición da legalidade urbanística e incoación novo expediente.
 - 1.- Concesión aprobación definitiva proxecto de normalización de fincas.
- 1.- Concesión de prórroga para execución de obras de canalización
- 1.- Concesión de legalización de obras.
- 5.- Concesión de autorización para segregación de fincas.
- 13.- Concesión de licenza de obra maior.
- 5.- Concesión de licenza para instalación de entrada de carruaxes.
- 23.- Concesión de licenza de obra menor.
 - 1.- Concesión de licenza para obras de canalización.
 - 3.- Concesión de licenza para acometida augas residuais e/ou auga.
 - 1.- Concesión de licenza de primeira ocupación e acometidas auga e saneamento.
 - 1.- Autorización acceso con camións para descarga en zona peonil.
 - 8.- Sobresemento actuacións expedientes infraccións de tráfico.
 - 10.- Confirmación de sanción expediente de infracción de tráfico.
 - 1.- Imposición de sancións expedientes de infraccións de tráfico.
 - 25.- Desestimación de alegacións expedientes de infraccións de tráfico.
 - 7.- Incoación de oficio expedientes sancionadores infraccións de tráfico.
 - 1.- Aprobación de expediente de modificacións de créditos de incorporación de remanentes 2/IR/2013.
 - 3.- Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos 9, 10 11/T/2013.
 - 6.- Compensación de débito e/ou crédito.
 - 1.- Concesión de licenza tenza de animais potencialmente perigosos.
 - 1.-Inscripción de can no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
 - 1.- Revogación de acordo de compensación de débito ou crédito.
 - 4.- Concesión de fraccionamento de débeda en período voluntario.
 - 12.- Orde de pago de facturas.
 - 1.- Traslado de funcionario municipal da Xerencia de Urbanismo ao Departamento de Rendas.
 - 1.- Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos.
 - 1.- Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna.
 - 1.- Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en domingo.
 - 2.- Concesión gratificación especial por substitución traballo de categoría superior.
 - 1.- Designación Secretaria en funcións.
 - 1.- Aprobación bases reguladoras das probas selectivas para seis postos de Auxiliar de Policía Local.
 - 1.- Reorganización persoal destinado nos servizos exteriores.
 - 1.- Asignación temporal de funcións ao posto de Encargado de obras.
 - 1.- Calendario apertura rexistro xeral en sábados, atención celebración plenos, matrimonios civís, eventos ou actos protocolarios.
 - 1.- Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do mes de marzo.
 - 1.- Imposición de sanción de apercibimento pola comisión de falta leve a empregado municipal: falta asistencia ao traballo.
 - 1.- Realización trámite de audiencia a empregado municipal por falta xustificación ingresos FPSDM.
 - 1.- Inscripción no rexistro de parellas de feito do Concello de Vilagarcía.
 - 2.- Orde exhumación de restos mortais depositados en nichos do Concello.
 - 1.- Concesión de tarxeta de armas.
 - 1.- Remisión de expediente administrativo a Xulgado en procedemento xudicial.
 - 2.- Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade.
 - 7.- Aprobación de gasto relativo á taxa por publicación de anuncios en DOG ou BOP:

TOTAL: 209

O Concello Pleno queda sabedor.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DESIGNACIÓN DE CONCELEIROS DELEGADOS.-

Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2013, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 30 de abril de 2013, de nova composición da Xunta de Goberno Local, con motivo da toma de posesión de Dona Sandra García Roma, do teor seguinte:

Asunto: XGL (composición e réxime de sesións)

Con data 17 de xuño de 2011 esta Alcaldía resolveu que a Xunta de Goberno Local estaría integrada, ademais de polo Alcalde, por sete concelleiros/as, sendo un deles D. Antonio Carballo Brianes. Tendo en conta o pasamento do Sr. Carballo Brianes procede levar a cabo a súa substitución na Xunta de Goberno Local, incorporando á mesma a Dona Sandra García Roma, que tomou posesión do cargo o día 29 de abril de 2013, quedando pois integrada a Xunta de Goberno Local, polos/as seguintes concelleiros/as:

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA FLORA Mª DE LOS ANGELES RODRIGUEZ BARREIRO

D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA

DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN

DONA SANDRA GARCÍA ROMA

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

A Xunta de Goberno Local seguirá celebrando Sesión ordinaria os venres (de ser festivo celebrarase o luns seguinte) as 8:30 horas, en primeira convocatoria e ás 9:00 en segunda convocatoria, sendo unha hora despois de non existir quórum suficiente, sen prexuízo das sesións extraordinarias que sexa preciso celebrar con dito carácter.

A presente resolución goza de efectividade dende o día seguinte a súa data, sen prexuízo da súa publicación no BOP, e da dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Notifíquese a presente resolución aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos.

Dáse conta así mesmo a Resolución de Áreas de Goberno, Concelleiros Responsables das distintas Áreas e Delegacións Especiais, de data 20 de maio de 2013, do seguinte teor:

(Remodelación de áreas de goberno, concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais)

Unha vez constituída a Corporación Municipal saída das eleccións locais celebradas o día 22 de maio de 2011 esta Alcaldía, con data 17 de xuño de 2011, levou a cabo a fixación de áreas de goberno, así como a designación de concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais.

Posteriormente, a raíz da toma de posesión, o día 29 de decembro de 2011, do concelleiro D. Angel Benito Pérez Dorgambide realizouse unha delegación especial no Servizo de Promoción Económica e Innovación a favor de D. Manuel Tarrío Fernández así como unha delegación especial no Servizo de Policía Local e Seguridade a favor de D. Angel Benito Pérez Dorgambide.

Despois da toma de posesión o día 28 de outubro de 2012 do concelleiro D. Francisco Javier González Mariño, en substitución de D. Luis Garrigós Villalba, realizouse unha nova remodelación das áreas de goberno, así como dos concelleiros responsables das distintas áreas e delegacións especiais que afectou principalmente á Área de Deportes, Servizo de Cultura, Xuventude e Normalización Lingüística e supuxo a creación da área de Políticas Sociais, Sanidade Ambiental e Consumo.

Posteriormente produciuse a toma de posesión, na sesión plenaria celebrada o día 25 de marzo de 2013, por parte da Concelleira Dona Ana Mª Granja Guillán, en substitución de Dona Marta Rodríguez Arias, a quen lle foi asignada a Área de Urbanismo, Vías e Obras.

Na sesión plenaria celebrada o día 29 de abril de 2013, tomou posesión a Concellería Dona Sandra García Roma o que fai preciso unha nova asignación de Áreas de Goberno.

Os/as Concelleiros/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes:

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime Local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos:

DECRETA:

Primeiro: As áreas de goberno municipal para o Concello de Vilagarcía de Arousa, quedarían establecidas tal e como se reflicten a continuación, sendo a súa denominación, o/a concelleiro/a de goberno responsable da área e o ámbito funcional o seguinte:

1) ÁREA DE DEPORTES

Dona Elena Suárez Sarmiento, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas.
- b. A presidencia da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

2) ÁREA DE TRABALLO E BENESTAR SOCIAL

Dona Elena Suárez Sarmiento, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Servizos Sociais.
- b. Supervisión do funcionamento da Escola Infantil de Vilagarcía e Arousa e coordinación coa de O Carril.
- c. Coordinación dos servizos relacionados coa infancia.
- d. Emprego e Formación.

3) ÁREA DE POLÍTICAS SOCIAIS, SANIDADE AMBIENTAL E CONSUMO:

Dona Flora M^a de los Angeles Rodríguez Barreiro, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Servizo de drogodependencias e unidade de día.
- b. Política de igualdade.
- c. Muller e Persoas Maiores.
- d. Supervisión do Servizo de OMIC.
- e. Supervisión e control de sanidade ambiental (verquidos augas residuais, analíticas auga consumo, calidade augas praias, etc.)

4) ÁREA DE MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

D. Jesús Longa Sánchez, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Parques, Xardíns, praias e Medio Ambiente.
- b. Policía en materia de vertedoiros incontrolados.
- c. Xestión de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria e abastecemento de auga potable.
- d. Rede de sumidoiros.
- e. Iluminación pública.
- f. Relacións cos veciños/as do rural e Comunidades de Montes.
- g. Atencións queixas veciñais do rural.
- h. Mellora do Medio Rural

5) ÁREA DE URBANISMO, VÍAS E OBRAS

Dona Ana María Granja Guillán, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Mantemento das vías e espazos públicos urbanos e rurais.
- b. Accesibilidade.
- c. Supervisión das brigadas que levan a cabo a atención dos servizos externos.
- d. Seguimento da xestión e competencias da Xerencia Municipal de Urbanismo e coordinación das funcións asignadas ao persoal adscrito á mesma.

6) ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA.

D. José Manuel Pardal García, que comprende o seguinte ámbito:

- a. Orzamentos e gasto público.
- b. Ingresos de dereito privado e de dereito público, tributarias e non tributarias.
- c. Recadación en período voluntario e executivo.
- d. Informática, telefonía e novas tecnoloxías.

7) ÁREA DE POLICÍA LOCAL E SEGURIDADE:

D. Angel Benito Pérez Dorgambide, sendo o seu ámbito funcional o seguinte:

- a. Sinalización informativa e prohibicións en materia de tráfico e circulación con carácter temporal.
- b. Cortes ou cambios de circulación puntuais debido á celebración de probas.
- c. Coordinación e supervisión do Servizo de Policía Local, Protección Civil e Emerxencias.
- d. Medidas de prevención de incendios.

- e. Policía en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos e as cuestións relativas á canceira municipal.

8) ÁREA DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS, DINAMIZACIÓN ASOCIATIVA, SUBVENCIONES E COORDINACIÓN E PLANIFICACIÓN INTERNA

Dona Sandra García Roma, sendo o seu ámbito funcional o seguinte:

- a. Xestións ante outras administracións e institucións.
- b. Información e axuda de xestións públicas.
- c. Promoción e participación asociativa.
- d. Fomento e coordinación das xestións que lle sexan demandadas ao Concello dende os colectivos sociais, ante outras administracións en relación con axudas, convenios, subvencións, etc.
- e. Coordinación e xestión para as áreas de goberno das axudas convocadas polas distintas administracións.
- f. Colaboración coa Alcaldía para as funcións que lle sexan encomendadas en xeral.

Segundo: Delegacións especiais: As seguintes delegacións especiais, a favor dos concelleiros delegados que se indican, non sofren ningunha modificación, polo que se manteñen tal e como estaban establecidas:

A) SERVICIO DE ATENCIÓN CIUDADÁ E EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Dona Rocio Ana Llovo del Río, sendo o seu ámbito funcional o seguinte:

- a. Atención aos cidadáns
- b. Educación, que inclúe o mantemento e conservación dos centros públicos.
- c. Supervisión do funcionamento do Conservatorio e Escola Municipal de Música.
- d. Mellora, mantemento e conservación dos mercados municipais e funcionamento do mercadillo de venda ambulante.
- e. Cemiterios
- f. Servizo de limpeza de Centros e Oficinas.
- g. Bibliotecas

B) SERVICIO PROMOCIÓN ECONÓMICA E INNOVACIÓN

D. Manuel Tarrío Fernández, sendo o seu ámbito funcional o seguinte:

- h. Fomento e promoción do Turismo
- i. Comercio
- j. Industria
- k. Innovación

3) SERVICIO DE CULTURA, XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

D. Francisco Javier González Mariño, que comprende:

- a. Iniciativa, programación e xestión de actividades lúdicas e festas.
- b. Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades.
- c. Normalización lingüística.
- d. Coordinación e supervisión do servizo de cultura.
- e. Intervencións culturais.
- f. Autorización de uso das instalacións culturais a entidades e particulares.
- g. Coordinación e supervisión do Servizo de Xuventude
- h. Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades dirixidas á xuventude.

Terceiro: Esta resolución non introduce ningún cambio en relación coas actuais áreas de deportes, traballo e benestar social, políticas sociais, sanidade ambiental e consumo, economía e facenda e política local e seguridade, así como tampouco no servizo de atención cidadá e educación, sanidade e mercados, servizo de promoción económica e innovación e servizo de cultura, xuventude e normalización lingüística.

Cuarto: Todas as delegacións establecidas no apartado primeiro do presente Decreto teñen a consideración de xenéricas e abranguen dentro de cada área, tanto a facultade de dirección dos servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral.

Quinto: Todas as delegacións establecidas no apartado segundo do presente Decreto (excepto con respecto ó servizo de promoción económica e innovación) teñen a consideración de especiais e abarcan a dirección e a xestión dos servizos correspondentes.

Sexto: O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Sétimo: Os concelleiros mencionados neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía.

Oitavo: Os concelleiros con delegación da Alcaldía deberán informar previamente ó Alcalde da adopción de decisións de transcendencia.

Noveno: As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestación rexeitando a delegación.

Décimo: Notifíquese a presente resolución, persoalmente, ós señores concelleiros, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS..-

Dáse conta que por diversos colectivos veciñais e culturais así como polos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU presentáronse alegacións en relación co Regulamento de utilización das instalacións culturais municipais e da Ordenanza Fiscal correspondente. Así mesmo presentáronse sinaturas o sábado 25-05-2013 en apoio dos textos alternativos. Xunto coas alegacións solicítase a intervención dun portavoz dos colectivos.

En base ao disposto no Regulamento Orgánico Municipal (artigo 23) procede que o portavoz dos colectivos, antes da lectura dos asuntos e do debate da Corporación, realice dúas intervencións, unha cando se trate o tema do Regulamento e outra cando se trate o tema da Ordenanza, excepto que se proceda ao debate conxunto de ambos temas, en cuxo caso deberá realizar as intervencións unha a continuación da outra (asunto nº 7 e nº 8).

Despois darase lectura aos ditames da Comisión Informativa, aos informes, e ás modificacións que se introducen nos textos.

A continuación intervirán os voceiros dos grupos políticos municipais durante o tempo fixado no Regulamento Orgánico e finalmente o Alcalde.

Non procede que o representante dos colectivos volva a intervir.

A intervención do portavoz dos colectivos ao inicio do asunto correspondente realizarase durante o tempo que o Alcalde lle conceda.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REPRESENTACIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DIVERSOS ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2013, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre a designación de representantes do grupo municipal do PP nos órganos colexiados que se citan a continuación, quedando a representación do seguinte xeito:

COMISIONS INFORMATIVAS:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS (6):

Tit. D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA.....Sup. DONA ELENA SUAREZ SARMIENTO
Tit. D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ MARIÑO.....Sup. DONA SANDRA GARCÍA ROMA
Tit. D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
Tit.D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
Tit. Dona ANA Mª GRANJA GUILLÁN
Tit. DONA Mª FLORA DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRABALLO E BENESTAR (6):

Tit. DONA Mª ELENA SUÁREZ SARMIENTO.....Sup. D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA
Tit. D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ MARIÑO.....Sup. DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA SANDRA GARCÍA ROMA
DONA FLORA Mª DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO

COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS E SERVIZOS (6):

Tit. D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA.....Sup. DONA ELENA SUAREZ SARMIENTO
Tit. D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ MARIÑO.....Sup. DONA SANDRA GARCÍA ROMA
Tit. D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
Tit. D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
Tit. DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN
Tit. DONA FLORA Mª DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTE, XUVENTUDE E TURISMO (6):

Tit. D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ MARIÑO.....Sup. DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
Tit. D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA.....Sup. DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN
Tit. D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
Tit. D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
Tit. DONA SANDRA GARCÍA ROMA
Tit. DONA FLORA Mª DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO

CONSELLO ESCOLAR DOS CENTROS DE EDUCACIÓN:

- I.E.S. Castro Aobre: DONA ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO
- I.E.S. Miguel Angel González Estévez: D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ MARIÑO
- I.E.S. Armando Cotarelo Valledor: Dona ANA Mª GRANJA GUILLÁN
- C.E.I.P Vilaxoán: D. MANUEL TARRÍO FERNÁNDEZ
- C.E.I.P Arealonga: D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
- C.E.I.P Rubiáns: DONA SANDRA GARCÍA ROMA
- Centro de Educación Especial: DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
- Conservatorio Profesional de Música: DONA ROCIO LLOVO DEL RÍO

CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (2)

D. FRANCISCO JAVIER GONZALEZ MARIÑO- CONCELLEIRO DE CULTURA
DONA SANDRA GARCÍA ROMA

FUNDACIÓN FEXDEGA (1):

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. MANUEL TARRÍO FERNANDEZ
Suplente: DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN

CONSELLO LOCAL DE CONSUMO (3):

PRESIDENTE: ALCALDE
VICEPRESIDENTA: DONA FLORA Mª DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO
DONA ANA Mª GRANJA GUILLÁN

CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL (4)

PRESIDENTE: ALCALDE
D. MANUEL TARRIO FERNANDEZ
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA

COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMIENTO DO:

ACORDO MARCO:(2)

DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO
DONA M^a ELENA SUÁREZ SARMIENTO

CONVENIO COLECTIVO: (2)

DONA ROCÍO LLOVO DEL RÍO
DONA M^a ELENA SUÁREZ SARMIENTO

COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSIONES (1)

D. JOSÉ M. PARDAL GARCÍA

MESA DE CONTRATACIÓN (2)

PRESIDENTE: ALCALDE
DONA MARIA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

CONSELLO VECIÑAL (1)

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

PRESIDENTA: DONA ROCIO LLOVO DEL RÍO
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

CONSELLO LOCAL DA MULLER

DONA FLORA M^a DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

F.P.S.D.M.

PRESIDENTA: DONA M^a ELENA SUÁREZ SARMIENTO
VOCAL: DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN
VOCAL: DONA SANDRA GARCÍA ROMA
SUPLENTES D. MANUEL TARRÍO FERNÁNDEZ e D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ MARIÑO

XERENCIA DE URBANISMO (1)

PRESIDENTE: ALCALDE
Tit. DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN.....Sup. DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

MESA LOCAL DE COMERCIO (1)

PRESIDENTE: ALCALDE

CONSELLO MUNICIPAL DA TERCEIRA IDADE (1)

DONA FLORA M^a DE LOS ANGELES RODRÍGUEZ BARREIRO

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo de goberno (PP e IVIL) informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG de EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da representación do Grupo Municipal do PP en diversos órganos colexiados municipais.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ó grupo de goberno (PP-10 e IVIL-1) e ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5) e BNG (3), e dous votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2),

ACÓRDASE: Aprobar por maioría a representación do Grupo Municipal do PP en diversos órganos colexiados municipais.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS POLA FPSDM DURANTE O ANO 2012..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deporte, Xuventude e Turismo, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2013, do seguinte teor:

Dáse conta do acordo do Consello Reitor da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, en sesión celebrada o día 7 de marzo de 2013, seguinte:

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2012.

Polo Sr. Director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2012 , desglosada nos seguintes apartados:

- 1°.- Actividades para Nenos/as:
 - 1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade:
 - 1.1.1.- Curso 2011/12
 - 1.1.2.- Curso 2012/13
 - 1.2.- Escola Multideportiva:
 - 1.2.1.-curso 2011/12
 - 1.2.2.- Curso 2012/13
 - 1.3.- Escola Deportiva de Base:
 - 1.3.1.- Curso 2011/12
 - 1.3.2.- Curso 2012/13
- 2.- Actividades Físico Recreativas para Adultos:
 - 2.1.- 2° Curso de Actividades para Adultos 2011/12:
 - 2.1.1.- 2° Curso de Ximnasia de Mantemento
 - 2.1.2.- 2° Curso de Ximnasia Acuática
 - 2.1.3.- 2° Curso de Aeróbic
 - 2.1.4.- 2° Curso de Badminton
 - 2.1.5.- 2° Curso de TaiChi
 - 2.1.6.- 2° Curso de loga
 - 2.2.- 3° Curso de Actividades para Adultos 2011/12:
 - 2.2.1.- 3° Curso de Ximnasia de Mantemento
 - 2.2.2.- 2° Curso de Ximnasia Acuática
 - 2.2.3.- 3° Curso de Aeróbic
 - 2.2.4.- 3° Curso de Badminton
 - 2.2.5.- 3° Curso de TaiChi
 - 2.2.6.- 3° Curso de loga
 - 2.3.- 1° Curso de Actividades para Adultos 2012/13:
 - 2.3.1.- 1° Curso de Ximnasia de Mantemento
 - 2.3.2.- 1° Curso de Ximnasia Acuática
 - 2.3.3.- 1° Curso de Aeróbic
 - 2.3.4.- 1° Curso de Badminton
 - 2.3.5.- 1° Curso de TaiChi
 - 2.3.6.- 1° Curso de loga
 - 2.3.7.- 1° Curso de Pilates.
 - 2.3.8.- 21 Curso de Ximnasia Funcional
- 3.-Actividades Deportivas de Verán 2012:
 - 3.1.- Escola Multideportiva de Verán
 - 3.2.- Actividades Físico Deportivas:
 - 3.2.1.- Ximnasia de Mantemento
 - 3.2.2.- Aerobic
 - 3.2.3.- loga
 - 3.2.4.- Badminton
 - 3.3.- Camiña con Nós
- 4.-Competicións Deportivas:
 - 4.1.- XVI Torneo de Fútbol Praia.
 - 4.2.- X Torneo de Tenis de Verán
 - 4.3.- IX Torneo de Volei Praia
 - 4.4.- IX Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía
 - 4.5.- XX Memorial Adolfo Pedrido Morla
 - 4.6.- Vilagarcía A Mares:
 - 4.6.1.- XLIX Travesía A Nado do Porto De Vilaxoán.
 - 4.6.2.- XXX Travesía a Nado do Porto de Vilagarcía.
 - 4.6.3.- XVIII Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas”
II Bandeira en Categoría Feminina

5.- Eventos Organizados no Concello de Vilagarcía De Arousa no Ano 2012

6.- Melloras realizadas nas Instalacións Deportivas Municipais.

Polo Sr. Director Deportivo dáse un breve resumo de todas as actividades desenvolvidas no ano 2012, así como indica que nesta memoria, tamén se inclúe un apartado onde se sinalan as melloras realizadas durante o ano nas instalacións deportivas municipais.

Intervén o Sr. Núñez que solicita se remita un resumo da memoria, sobre todo o apartado das melloras feitas nas instalacións deportivas.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2012 e remiti-la ao Pleno – Concello, para a súa ratificación, se procede.”

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo de goberno (PP e IVIL) e do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do BNG de EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2012.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU non vai a votar a favor. É continuista a actividade da fundación e cada ano o Concello minora as actividades amateur . Nas actividades figuran actos que non son da Fundación, como as poxas de A Torre.

- Intervén o Sr. Serén Mera dicindo que o PSOE vai a aprobar a Memoria das actividades pois son froito da herdanza recibida. As actividades da praia dan un pulo á cidade e o turismo pero non é mérito do PP, senón da herdanza recibida.

- “Camiña con nós” é unha actividade nova e está ben.

Di que botan de menos a mellora no mantemento das instalacións deportivas. O deporte rei é anecdótico.

Solicita que as instalacións alleas ao Concello sexan limpadas adecuadamente. Agradecen a implicación do persoal da FPSDM.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con dezanove votos a favor dos membros pertencentes ó grupo de goberno (PP-10 e IVIL-1) e ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5) e BNG (3) e dúas abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal de EU (2),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a Memoria de actividades deportivas realizadas pola FPSDM durante o ano 2012.

7.- EXAME DAS RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS CULTURAIS MUNICIPAIS..- Pola Sra. Secretaria dáse conta do dictame emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deporte, Xuventude e Turismo, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2013, do seguinte teor:

O Pleno do Concello de Vilagarcía, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2013, acordou aprobar con carácter inicial o Regulamento de uso das instalacións culturais municipais.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expúxose ao público durante o prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do Concello así como mediante o seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* (16-04-2013), presentáronse no Rexistro Xeral, o día 11 de maio de 2013, un escrito de alegacións, asinado por varias asociacións e colectivos así como polos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As/os representantes do grupo de goberno (PP e IVIL), din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmanse favorablemente as alegacións presentadas ao Regulamento de Uso e Funcionamento das instalacións culturais municipais e aprobar definitivamente o devandito regulamento.

- O Sr. Alcalde indica que o debate se vai a facer de forma conxunta e a votación realizarase por separado.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez facendo a súa exposición, na que en síntese expón que no Pleno de marzo pediron que quedara sobre a mesa o Regulamento e a Ordenanza e reclamaron consenso para negociar.

A seguir le o artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal. Manifesta que as Asociacións que non teñan convenio terán que pagar ao Concello polas actividades culturais e pide a exención para todas as Asociacións, así como polo uso dos locais de ensaio.

Tamén reivindica a explotación gratuíta das cantinas dos centros culturais polas asociacións que xestionan os centros.

- O público asistente aplaude a intervención do Sr. Abuín Rodríguez.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU comparte a intervención dos colectivos. É unha proposta ideolóxica do PP tanto o regulamento como a ordenanza fiscal.

O PP está incumprindo o programa electoral. Vilagarcía é o faimerrir do Estado e incrementou este goberno local os impostos e taxas sen darlle saída aos necesitados.

Entende o PP a cultura so como ocio, elitista. O PP non cre na cultura. Trae a Orquestra Panorama e enche as rúas. Este é un Alcalde ilexítimo por que mercou a maioría absoluta.

Hai colectivos que articulan unha proposta alternativae non se senta a negociar o Concelleiro de Cultura con eles. O Sr. Alcalde chamou no seu día a outros colectivos a tomar o Concello. En Vilagarcía gobernan a golpe de maioría. Non custa nada retirar a Ordenanza e o Regulamento e poñer enriba da mesa a negociación.

Trata de cobrar aos rapaces polos locais de ensaio, e pola contra subvenciona a Deputación en Cambados cubatas a 1 euro.

O grupo de EU é democrático e piden que os orzamentos se discutan parroquia a parroquia.

O Concelleiro de Cultura articula unha trama para cobrar subvencións e non pasa nada.

Entre os jlogures de Cañete o Diferido de Cospedal e o noso Alcalde dicindo que os Vilagarcíans non saben se queren ser pobo ou cidade, temos de todo.

Se lle queda dignidade como Alcalde así como ao socio de IVIL deben retirar a Ordenanza e o Regulamento e non pasen o rolete, abandonen a sinrazón.

- Aplaude o público asistente a intervención do Sr. Fajardo Recouso.

- Intervén a Sra. Villaronga Chazo dicindo que o BNG comparte a exposición do Sr. Abuín Rodríguez e os textos alternativos. A fin de semana dixo o Sr. Alcalde que non sabíamos se queríamos ser unha Vila ou unha Cidade, pero O Alcalde non se reúne con ninguén e dese xeito é un descoñecedor do que queren os Vilagarcíans. As políticas do PP son recadatorias. No mes de marzo o BNG veu que a proposta coartaba ás Asociacións de Veciños e coartaba aos axentes dinamizadores do Concello, tales como as asociacións de Veciños e outros colectivos.

A Orquestra Panorama debe subvencionar ao PP pois actúa festa tras festa en Vilagarcía de Arousa. Non hai proposta cultural de Vilagarcía mesmo, cos que non se reúnen, lles impoñen pagos, lles coartan as actividades. Seguen crendo na privatización da cultura, na subida de taxas. Hai un informe de Intervención que paraliza o Regulamento e a Ordenanza dos

colectivos. En cambio hai un informe de Rendas que di que está ben a Ordenanza Fiscal dos colectivos.

- Aplauda o público asistente a intervención da Sra. Villaronga Chazo.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que os socialistas vilagarcíans construíron unha cidade, e o Alcalde converte a Vilagarcía nun pobo en temas culturais. O PSdeG-PSOE súmase ao regulamento dos colectivos. O PP chega dicindo que se reuniron cos colectivos, que se maltrata o equipamento municipal pero non di que hai desperfectos nas rúas, nas instalacións deportivas, etc. Non contan cos grupos municipais de música, pero iso si contan con Alaska e Panorama. Só falta Paquirrín para o colmo do hortera.

Non contan cos grupos de música de vilagarcía. Non lles importa o diálogo.

Actúan de rolete. Non lles preocupa a cultura, están devaluando o nome da Sala Rivas Briones que foi establecida por un goberno socialista.

Finalmente piden que deixe enriba da mesa o Regulamento e a Ordenanza, que se deixe de imposicións e escoite aos veciños e á oposición.

O Alcalde tamén se engana. Deixe enriba da mesa o asunto.

- Aplauda o público asistente a intervención da Sra. García Sanmartín.

- Intervén o Sr. González Mariño dando lectura as propostas de modificación do Regulamento, seguintes:

Art. 4.4.- *Non se pode introducir e utilizar calquera elemento de vidro ou outro material quebradizo ou cortante, artigos pirotécnicos ou calquera produto inflamable. Así mesmo, prohibese o acceso á instalación con bicicletas, patíns ou calquera vehículo ou artefacto.*

Se acepta añadido proposto en su art. 4.3. Texto definitivo:

Non se pode introducir e utilizar calquera elemento de vidro ou outro material quebradizo ou cortante, artigos pirotécnicos ou calquera produto inflamable. Así mesmo, prohibese o acceso á instalación con bicicletas, patíns ou calquera vehículo ou artefacto, que non resulte necesario por cuestións de mobilidade (cadeiras de rodas, carriños de bebé...).

Art. 4.5.- *Non se permite a filmación, gravación ou fotografar calquera espectáculo sen a pertinente autorización por parte do Concello de Vilagarcía.*

Se acepta añadido proposto en su art. 4.4. (cambiando su “ou” por un “e”). Texto definitivo:

Non se permite a filmación, gravación ou fotografar calquera espectáculo sen a pertinente autorización por parte do Concello de Vilagarcía e da organización do evento.

Art. 11.- 2º párrafo. *O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da actividade se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/á interesado/a coa debida antelación.*

Se acepta añadido proposto en su art. 11 (cambiando su “garantindo” por “ofertando”). Texto definitivo:

O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da actividade se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/á interesado/a coa debida antelación e ofertando unha nova data de acordo ca organización da actividade nun prazo razoable de tempo.

Art. 18.- 4. *Non se pode introducir e utilizar calquera elemento de vidro ou outro material quebradizo ou cortante, artigos pirotécnicos ou calquera produto inflamable. Así mesmo, prohibese o acceso á instalación con bicicletas, patíns ou calquera vehículo ou artefacto.*

Se acepta añadido propuesto en su art. 18.- 3. Texto definitivo:

Non se pode introducir e utilizar calquera elemento de vidro ou outro material quebradizo ou cortante, artigos pirotécnicos ou calquera produto inflamable. Así mesmo, prohibese o acceso á instalación con bicicletas, patíns ou calquera vehículo ou artefacto, que non resulte necesario por cuestións de mobilidade (cadeiras de rodas, carriños de bebé...).

Art. 18.- 5. *Non se permite a filmación, gravación ou fotografar calquera espectáculo sen a pertinente autorización por parte do Concello de Vilagarcía.*

Se acepta añadido propuesto en su art. 18.- 4. (cambiando su “ou” por “e”). Texto definitivo:

Non se permite a filmación, gravación ou fotografar calquera espectáculo sen a pertinente autorización por parte do Concello de Vilagarcía e da organización do evento.

Art. 21.- a) *A sala debe ser solicitada cunha antelación mínima de tres meses á data elixida para a exposición, por calquera persoa física ou xurídica, achegando varias fotografías da obra a expor.*

No caso de que a solicitude sexa presentada nun prazo inferior a un mes, por unha casa excepcional, esta será valorada pola Xunta de Goberno Local.

Se acepta substituir la frase “achegando varias fotografía da obra a expor” por la incluida en su art. 21.- 1º: “acompañada dun curriculum e documentación fotográfica”. Texto definitivo:

A sala debe ser solicitada cunha antelación mínima de tres meses á data elixida para a exposición, por calquera persoa física ou xurídica, acompañada dun curriculum e documentación fotográfica.

No caso de que a solicitude sexa presentada nun prazo inferior a un mes, por unha casa excepcional, esta será valorada pola Xunta de Goberno Local.

Art. 23. Se acepta añadir las propuestas de sus art. 21. 2º. y 21. 4º. Texto definitivo:

Art. 23.- Concesión. A formalización da concesión da sá recollerase nun documento asinado por ámbalas dúas partes no cal queden reflectidos os correspondentes dereitos e obrigas de cada unha das partes.

O transporte da obra será a cargo do expositor.

(Resto del artículo según el original).

Art. 24.- 3º párrafo. *O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da exposición se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/a expositor/a coa debida antelación.*

Se acepta añadido propuesto en su art. 22. 5º (cambiando su “garantindo” por “ofertando”). Texto definitivo:

O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da exposición se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/a expositor/a coa debida antelación e ofertando unha nova data de acordo ca organización da actividade nun prazo razoable de tempo.

Art. 28.- 2º párrafo. *O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da exposición se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/a interesado/a coa debida antelación.*

Se acepta el añadido propuesto en su art. 26, último párrafo (cambiando su “garantindo” por “ofertando”). Texto definitivo:

O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da exposición se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/a interesado/a coa debida antelación e ofertando unha nova data de acordo ca organización da actividade nun prazo razoable de tempo.

Art. 33.- *Os grupos poderán dispoñer dos locais de ensaio ata un máximo de 6 horas á semana, tendo en conta as solicitudes e horarios dispoñibles:*

De luns a venres en horario de 8.30 a 22.00 horas

Sábados: de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 21.00 horas.

Se acepta sustitución por el texto de su art. 32. Texto definitivo:

Os grupos poderán dispoñer dos locais de ensaio ata un máximo de 6 horas á semana, tendo en conta as solicitudes e horarios dispoñibles:

Horario de verán:

De luns a venres en horario de 8.30 h a 22.00 h

Sábados: de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 21.00 h

Horario de inverno:

De luns a venres en horario de 11.00 h a 22.00 h

Sábados: de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 a 21.00 h

Art. 37.- f) *Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e da instalación de cables, quedando todo desconectado da rede eléctrica.*

Se acepta sustitución por el texto propuesto en su art. 35.- f) Texto definitivo:

Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido e almacenado no seu lugar correspondente para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e da instalación de cables, quedando todo desconectado da rede eléctrica.

- O Sr. Fajardo Recouso manifesta que a intervención do Concelleiro de Cultura é unha provocación e unha falta de respecto. Le modificacións e non llas pasa aos colectivos, son unha panda de ditadores.

Os cambios son unha maquillaxe estética e non a pasan aos grupos nin aos colectivos e pide a dimisión do Concelleiro de Cultura.

Pide que retiren a Ordenanza eo Regulamento.

- Aplauda o público asistente a intervención do Sr. Fajardo Recouso.

- Intervén a Sra. Villaronga Chazo dicindo que lles debería caer a cara de vergoña ao grupo de goberno polo que acaba de pasar.

Di que isto é indignante, un insulto á intelixencia.

- O público asistente á sesión exclama DIMISIÓN, DIMISIÓN....

Segue a Sra. Villaronga Chazo dicindo que fan gala o Grupo de Goberno de covardía política e non argumentan as súas opinións. Leu un papel o Sr. Concelleiro de Cultura e non cambian nada importante da Ordenanza nin do Regulamento.

Pregunta onde está neste Concello a celebración do Día das Letras Galegas, de Cantares Galegos de Rosalía de Castro.

- O público asistente á sesión exclama Fora, Fora.....

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que non se sentaron a negociar estes temas e veñen con cambios insignificantes que non se fixeron chegar aos colectivos.

Aproban os temas por imposición, non negocian. Houbo invitacións ao diálogo e non se tivo en conta, defraudan aos que lles votaron.

Prégalle que deixe o asunto enriba da mesa e negocie e demostre que ten cintura política e sobre todo que é digno de gobernar Vilagarcía.

- Intervén o Sr. Abuín Rodríguez dicindo que isto é impresentable e que ven a vacilalos o Concelleiro de Cultura e ademais é un mentireiro.

- O público asistente á sesión exclama DIMISIÓN, DIMISIÓN....

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que quere facer dúas reflexións ao Sr. Abuín Rodríguez e aos grupos políticos municipais.

A seguir da lectura ao artigo 4 da Ordenanza Fiscal na súa integridade:

ARTIGO 4

4.1.- A obrigación de pagamento xorde coa prestación de servizos e utilización do Auditorio ou resto de instalacións municipais, especificadas nas tarifas desta ordenanza.

4.2.- Están exentos de pagamento as actividades ou actos de calquera índole patrocinados ou organizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa, ben directamente ou ben a través doutras entidades.

Tampouco estarán obrigados ó pagamento das tarifas as actividades ou actos organizados por:

- Asociacións de veciños ou culturais que teñan cedido o uso das instalacións municipais a través do correspondente convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local.

- Asociacións sen fins de lucro, legalmente constituídas.

- Colexios, centros de ensino e ANPAS de Vilagarcía de Arousa.

- Institucións benéficas.

- Entidades deportivas de Vilagarcía de Arousa.

O que di o Sr. Abuín Rodríguez non se axusta á verdade.

Di que lles fixeron chegar ao grupo de goberno un documento alternativo. Hai diferencias pois legalmente non se pode aceptar. As subvencións deben xustificarse segundo o informe de Intervención.

O Sr. Abuín Rodríguez manifestou que hai que dobregar ao PP a través dun correo electrónico. As posturas que melloran o texto se aceptaron e as que non se aceptan é motivado polo informe de Intervención.

- A Sra. García Sanmartín pregunta que pasa coas alegacións á Ordenanza Fiscal pois entende que non as aceptan..

A seguir sométese a votación o texto do Regulamento de uso e funcionamento das instalacións culturais municipais coas modificacións indicadas polo Concelleiro de Cultura e expostas anteriormente.

- Auséntase da sesión os concelleiros membros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU así como o público asistente á sesión plenaria.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde o Texto do Regulamento de uso e funcionamento das instalacións culturais municipais aprobado inicialmente coas modificacións expostas polo Concelleiro de Cultura, que de ser aprobado quedaría rexeitado o texto alternativo, dando o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ó grupo de goberno (PP-10 e IVIL-1)

ACÓRDASE: Rexeitar as alegacións presentadas durante o período de exposición ao público e que figuran contidas no texto alternativo presentado o 11 de maio de 2013 e aprobar definitivamente o Regulamento de uso e funcionamento das instalacións culturais municipais coas modificacións indicadas, quedando o texto definitivo do seguinte xeito:

REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS CULTURAIS MUNICIPAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA

O presente regulamento ten por obxecto fixar as normas de funcionamento, uso e organización das instalacións culturais de Vilagarcía de Arousa, co fin de alcanzar os seguintes obxectivos:

- Utilización racional e ordenada das instalacións municipais garantindo á cidadanía en igualdade de condicións o acceso ás instalacións.
- Aproveitamento integral e eficiente dos recursos dispoñibles.
- Coordinación de esforzos e actividades.

TÍTULO I O AUDITORIO

ARTIGO 1.- XESTIÓN

1.- O Auditorio de Vilagarcía de Arousa considérase un ben de dominio público, un espazo de uso cultural, educativo e lingüístico, preferentemente dedicado á exhibición, produción e difusión de espectáculos e actividades relacionadas coas artes escénicas, o cine, o teatro, a música, exposicións, lingua, literatura ou calquera outra actividade relacionada coa cultura e o lecer.

2.- Tratándose dun espazo cultural, os criterios relativos á xestión do auditorio serán eminentemente sociais, aínda que a xestión económica haberá de ser eficaz ao tratarse da utilización de recursos públicos, que lóxicamente deberán de administrarse con prudencia e eficacia.

3.- Serán tarefas a realizar no auditorio:

- A programación de espectáculos de teatro, danza, música, exposicións, conferencias, cine e/ou calquera outra manifestación cultural en calquera das súas modalidades.
- A difusión, promoción e divulgación de calquera aspecto relacionado coa cultura e coa lingua.
- A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de lecer, nos sectores máis novos da poboación, a xestión debe intentar conseguir a participación activa e o compromiso da sociedade a través das variadas formas asociativas que permitan a democratización da cultura.

ARTIGO 2. DISPOSICIÓNS DE RÉXIME INTERIOR

1.- En calquera actividade que se desenvolva no auditorio, o concello exercerá a necesaria intervención administrativa, o control, a vixilancia e cantas funcións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

Considerando que as instalacións admiten un aforamento límite de persoas, o concello deberá impedir o acceso a máis usuarios/as e/ou espectadores/as unha vez superado o mesmo.

- Corredores e espazos abertos
- Bar- Cafetería
- Dous ascensores
- Almacén
- Aseos

*(máis información en www.vilagarcia.es)

4.- As programacións deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno Local a proposta da concellería delegada ou a petición dos/as interesados/as, dentro do seguinte horario:

De luns a venres: 8:00 a 22:00 horas
 Sábados: 9:00 a 14:00 // 16:00 a 21:00 horas
 Verán
 De luns a venres: 08:00 a 14:00 // 16:00 a 22:00 horas
 Sábados: 10:00 a 14:00 // 16:00 a 21:00 horas

Domingos e festivos, pechado, agás actividades programadas previamente.
 Os horarios poderán modificarse en función da programación.

ARTIGO 3.- DISPOSICIÓNS DE RÉXIME ECONÓMICO

1.- Os ingresos do auditorio procederán de:

- Partida orzamentaria integrada no orzamento da Concellería de Cultura.
- Venda de entradas.
- Ingresos por utilización das súas instalacións.
- Subvencións ou donativos de entidades públicas ou privadas.

2.- Polo importe das entradas que deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, e baseados nos seguintes criterios:

- O tipo de actividade.
- O caché do grupo ou o prezo da actividade.
- A porcentaxe do caché subvencionado.
- Importes de referencia próximos.
- Público ao que vai dirixida a actividade.

Ademais as localidades non serán cambiadas nin reembolsadas, sendo a única excepción a suspensión do espectáculo, nin estará permitida a súa revenda.

3.- O Concello poderá programar funcións de teatro, música, danza, etc., pola fórmula coñecida como de “despacho de billetes”, que supón a entrega á compañía dunha parte ou do total da recadación. O acordo deberá ser tomado pola Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 4.- DISPOSICIÓNS XERAIS

1.- Non se autoriza a entrada de animais ao recinto. Exceptúase desta prohibición os cans guía, sempre que vaian debidamente identificados, estean realizando o seu labor e cumpran as condicións de hixiene e salubridade.

2.- Prohíbese fumar en todo o recinto.

3.- Está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas e alimentos en todo o edificio (excepto en actos e lugares autorizados)

4.- Non se pode introducir e utilizar calquera elemento de vidro ou outro material quebradizo ou cortante, artigos pirotécnicos ou calquera produto inflamable. Así mesmo, prohíbese o acceso á instalación con bicicletas, patíns ou calquera vehículo ou artefacto, que non resulte necesario por cuestións de mobilidade (cadeiras de rodas, carriños de bebé...).

5.- Non se permiten a filmación, gravación ou fotografar calquera espectáculo sen a pertinente autorización por parte do Concello de Vilagarcía e da organización do evento.

6.- O Concello de Vilagarcía de Arousa non se fai responsable das perdas ou subtraccións que se produzan no recinto. Recoméndase non levar obxectos de valor. Non existe servizo de custodia de obxectos.

ARTIGO 5.- NORMAS ESPECÍFICAS PARA USUARIOS/AS E /OU ESPECTADORES/AS

Os usuarios deberán ter en conta as seguintes normas:

1.- Os espectadores/as e/ou usuarios/as deberán seguir as indicacións do persoal da instalación para acceder ou abandonar a sala, así como seguir as indicacións deste no caso de superación do aforamento máximo permitido. Así como calquera outra indicación que este considere necesario facer.

2.- Os usuarios/as teñen dereito a utilizar o auditorio conforme á súa natureza, as actividades autorizadas e as normas desta ordenanza que regula o seu uso.

3.- Calquera usuario/a ten dereito a formular queixas, reclamacións e as suxestións que estime oportunas a través dos seguintes medios:

-Impresos a disposición nas instalacións, folia de suxestións ou por escrito dirixido á concellería ou alcaldía.

-Os/as usuarios/as deberán colaborar a manter a instalación limpa e en perfecto uso, utilizando as papeleiras e respectando o mobiliario e o equipamento existente. Así mesmo, deberán comunicar ao persoal responsable da instalación calquera deterioración ou anomalía que poida supor risco para outros usuarios ou alteración do normal funcionamento da instalación.

- Non se poderá acceder á sala con ningún tipo de bebida, comida, lambetadas, froitos secos ou flocos de millo durante as representacións de teatro, cine ou outras actuacións.

- Dentro da sala non se permite realizar accións que molesten aos demais espectadores.

- Non se permitirá o acceso á sala unha vez comezada a actividade, xa que o acceso quedará limitado ata o momento no que o desenvolvemento do espectáculo o permita.

- Antes de entrar na sala deberán desconectarse os teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de aparello que poida resultar molesto para o normal desenvolvemento da actividade ou para o resto de espectadores.

ARTIGO 6.- CONDICIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS POR PARTE DE ASOCIACIÓNS, ENTIDADES OU PARTICULARES.

1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa, titular do auditorio, poderá atender as solicitudes de uso do mesmo para o desenvolvemento de actividades culturais, exposicións, charlas, conferencias, congresos, etc., formuladas por asociacións, entidades, empresas ou particulares.

Non se autorizarán actos que inciten á violencia contra unha persoa ou colectivo ou que fomenten a discriminación, contra unha persoa ou colectivo, por razón de orixe, sexo, sexualidade, saúde, físico, relixión ou condición.

Será necesario que as solicitudes se formulen polo menos un mes antes da realización do evento e na propia solicitude deberá figurar ademais do programa de actuación, as necesidades técnicas e de persoal necesario para levalo a cabo. No caso de que a solicitude sexa presentada nun prazo inferior a un mes, por unha causa excepcional, esta será valorada pola Xunta de Goberno Local.

2.- O Concello informa que se pode dispoñer da ficha técnica das instalacións na páxina web: www.vilagarcia.es, onde figuran as características e recursos técnicos de que consta o auditorio.

É de obrigado cumprimento que durante o seu uso, montaxe, actuación e desmontaxe haxa polo menos un responsable municipal da instalación.

3.- En calquera actividade que se desenvolva no auditorio, o concello exercerá a necesaria intervención administrativa, o control, a vixilancia e cantas funcións impliquen a súa competencia.

Considerando que as instalacións admiten un aforamento límite de persoas, o concello deberá impedir o acceso a máis usuarios/as e/ou espectadores/as unha vez superado o mesmo.

4.- Os responsables das entidades solicitantes e todo o persoal e usuarios que acudan ás actividades estarán suxeitos en todo momento ao establecido nas normas de uso e funcionamento do auditorio.

5.- Todo o persoal integrante das entidades que usen o auditorio, deberán respectar as normas xerais, especificadas no artigo 4.

6.- Deberanse seguir as indicacións do persoal da instalación relativas á forma de uso da instalación e o seu equipamento, e especialmente ás que se refiran ao respecto das normas de seguridade e autoprotección, así como calquera outra indicación que o persoal técnico adscrito ó auditorio considere necesario facer.

7.- Os usuarios deberán colaborar axudando a manter a instalación limpa e en perfecto uso, respectando o mobiliario e equipamento existente. Así mesmo, deberán comunicar ó persoal responsable da instalación calquera deterioración ou anomalía que poida supor risco para outros usuarios ou a alteración do normal funcionamento da instalación.

8.- As entidades solicitantes deberán designar como mínimo un responsable da actividade que deberá permanecer na instalación en todo momento mentres esta se desenvolva, así como no período de preparación da mesma. Así mesmo estas persoas deberán, unha vez terminada a actividade, acompañadas por persoal designado polo concello efectuar unha rolda de recoñecemento do edificio para comprobar que tanto o equipamento como a instalación está en bo estado, debéndose redactar un parte de incidencias no caso de que isto non fose así.

9.- A entidade solicitante deberá responder dos danos producidos na instalación ou no equipamento da mesma, ben a través da subscripción dunha póliza de seguro de R.C. e danos, ou asumindo directamente o importe dos mesmos.

10.- No caso de realización de congresos ou eventos que requiran máis persoal do que dispón a instalación, a entidade solicitante deberá facerse cargo da contratación do mesmo, sempre de acordo co establecido na lexislación vixente.

11.- Se fose necesaria a presenza de elementos técnicos adicionais, estes deberán ser contratados pola entidade solicitante, que deberá así mesmo facerse responsable do seu funcionamento, sempre de acordo co disposto polo persoal técnico responsable do auditorio, que supervisará en todo momento o manexo dos equipos e da instalación.

12.- Se se solicitase mobiliario adicional, tamén este deberá ser por conta da entidade solicitante.

13.- Para reservar o uso do espazo, a entidade solicitante deberá:

- a) Entregar un expediente detallado dos actos a celebrar.
 - b) Efectuar o pago da cantidade que se estableza na ordenanza en vigor en cada momento, unha vez autorizada esta. No caso de que este pago non se efectuase por parte da entidade solicitante, antes do inicio da actividade, entenderase que a mesma renuncia ao desenvolvemento da actividade.
- 14.- No caso de actos ou actividades a proposta das compañías de artes escénicas e que sexan incorporados polo concello na súa programación oficial a fórmula de colaboración poderá ser:
- Abono de caché (descontadas as taxas*).
 - Ingresos por venda de billetes (as taxas deberán ser ingresadas previamente*).
 - Caché reducido máis ingresos por venda de billetes (descontadas as taxas do caché*).

Debe terse en conta que os dereitos de autor a aboar á SGAE serán por conta da formación ou compañía.

(*O concello resérvase o dereito a deducir as taxas como colaboración. Esta dedución deberá aprobarse na Xunta de Goberno Local).

15.- No caso de que a instalación se utilizase máis tempo do inicialmente previsto a entidade solicitante deberá pagar a cantidade proporcional correspondente.

No caso de que o tempo utilizado fose finalmente menor ao solicitado, non haberá ningunha revisión de prezo.

16.- Establécese un prezo público pola utilización das instalacións, que se reflicten na ordenanza correspondente e en función dos tipos de entidades ou colectivos solicitantes da actividade administrativa.

A contía da taxa será a resultante da aplicación da tarifa en vigor para cada ano, na que se inclúe a prestación do servizo que se rexe polo presente regulamento.

17.- No caso de que a entidade solicitante desoia as indicacións do persoal municipal responsable da instalación ou non respecte ou vele polo cumprimento das normas establecidas, o concello poderá imporlle as sancións que correspondan polas infraccións tipificadas no presente regulamento, sen prexuízo de que nos casos de incumprimento moi grave se opte por suspender a actividade e iniciar as accións legais que estime convenientes.

ARTIGO 7. NORMAS ESPECÍFICAS PARA INTEGRANTES DAS FORMACIÓNS ARTÍSTICAS ENCARGADAS DE LEVAR A CABO OS ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS E/OU RESPONSABLES DAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS NO AUDITORIO POR OUTRAS ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU PARTICULARES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

1.- As compañías ou formacións musicais, etc., que vaian actuar no Auditorio de Vilagarcía de Arousa deberán presentar a ficha técnica xunto co contrato, cando este proceda.

2.- As empresas, asociacións, entidades ou particulares interesadas na utilización do auditorio para a realización de actividades culturais deberán solicitalo por escrito, sempre con un mes de antelación. A solicitude deberá especificar o tipo de actividade, data, horario e necesidades técnicas.

3.- Todo o persoal integrante de compañías ou entidades que usen o auditorio, deberán respectar as normas xerais.

4.- Deberán seguir as indicacións do persoal da instalación relativas á forma de uso da instalación e o seu equipamento, e especialmente ás que se refiran ao respecto das normas de seguridade e autoprotección, así como calquera outra indicación que o persoal técnico adscrito ao auditorio considere necesario facer.

5.- Terán dereito a utilizar o auditorio conforme á súa natureza, os solicitantes das actividades autorizadas e recollidas nesta ordenanza que regula o seu uso.

6.- Os integrantes dos colectivos de referencia teñen dereito a formular queixas, reclamacións ou as suxestións que estimen oportunas a través dos seguintes medios: impresos (instancia oficial) a disposición nas instalacións, caixa de correos de suxestións, ou por escrito dirixido á alcaldía ou concellería correspondente.

7.- Deberán colaborar a manter a instalación limpa e en perfecto uso, respectando o mobiliario e equipamento existente. Así mesmo, deberán comunicar ao persoal responsable da instalación calquera deterioración ou anomalía que poida supor risco para outros usuarios ou a alteración do normal funcionamento da instalación.

ARTIGO 8. PERSOAL DA INSTALACIÓN. FUNCIÓNS COMÚNS

1.- O persoal adscrito ao auditorio terá as seguintes funcións:

Apertura e peche das instalacións do auditorio.

Comprobar o correcto funcionamento das instalacións eléctricas e dos sistemas de seguridade e contra incendios.

Coidar que as actividades no interior se realicen con normalidade.

Velar pola boa orde, limpeza, adecuado uso e respecto ás medidas de seguridade das instalacións.

Informar, asesorar e realizar indicacións aos usuarios en relación ao cumprimento da normativa de uso.

Atender as suxestións, queixas e reclamacións que se formulen, transmitíndoas en todo caso á concellería correspondente.

Cantas outras funcións resulten desta ordenanza ou lle fosen encomendadas pola alcaldía ou a concellería delegada do servizo.

2.- O persoal responsable da instalación, terá a facultade, como medida cautelar de negar o acceso ou expulsar da instalación a aqueles usuarios que incumpran de forma reiterada esta normativa, debendo informar posteriormente aos seus superiores para o estudo das medidas sancionadoras que procedan.

ARTIGO 9.- SERVIZOS E FUNCIÓNS DO PERSOAL ENCARGADO DE CADA UN DELES

a) SERVIZO DE ACCESO (CONSERXERÍA)

1.- A persoa encargada da conserxería deberá regular o acceso do público antes do comezo de cada actuación ou sesión.

2.- Darase acceso ao público quince minutos antes do inicio de cada actividade, ou o tempo que estipule a organización do evento.

b) DESPACHO DE BILLETES

1.- O persoal que leve a cabo o despacho de billetes, estará encargado ademais da atención ao público, proporcionar os cambios, redactar a folia de despacho de billetes e depositar o importe da recadación no lugar no que se determine.

2.- En canto ao despacho de billetes, indicar que deberá abrir dúas horas antes do comezo das distintas actuacións ou sesións.

c) PERSOAL TÉCNICO

O concello, así mesmo, designará o persoal necesario para efectuar os labores de carga e descarga de materiais, manexo da cabina de control de luz e son e maquinaria escénica durante as representacións teatrais ou proxeccións audiovisuais.

ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. S.

Regúlanse neste apartado de forma detallada as que afectan ao incumprimento das normas establecidas para os usuarios, espectadores e integrantes de formacións artísticas encargadas de levar a escena espectáculos programados ou actividades organizadas no auditorio por outras entidades, asociacións ou particulares. No caso de tratarse de persoas adscritas ao auditorio mediante contratos de servizos, aplicaranse as previstas nos pregos correspondentes e para o persoal funcionario ou laboral do concello, as normas disciplinarias que aplica o propio concello para o persoal.

As infraccións á seguinte ordenanza clasifícanse faltas leves, graves e moi graves.

1.- Considéranse faltas leves aquelas que vulnerando algunha norma non poñan en risco a seguridade doutras persoas:

_ Fumar, consumir bebidas alcohólicas.

_ Comer na sala durante a representación dunha obra de teatro, danza, concerto, etc.

_ Filmar, gravar ou facer fotos sen autorización.

_ Manter condutas que molesten ó resto de espectadores/as ou usuarios/as.

_ Guindar calquera residuo ó chan da instalación ou ó escenario.

_ Usar de forma indebida o material, equipamento e mobiliario da instalación.

_ Introducir calquera elemento de uso prohibido, vehículo ou animal no recinto da instalación.

_ Non respectar as indicacións efectuadas polo persoal técnico e responsable da instalación.

_ Calquera outra derivada do incumprimento desta ordenanza, sempre que non se considere falta grave ou moi grave.

2.- Considéranse faltas graves aquelas que supoñan un deterioro á conservación e integridade do Auditorio así como as faltas de respecto e agresións verbais.

_ Guindar ó chan artigos pirotécnicos ou inflamables, así como realizar calquera tipo de marcaxe sen autorización expresa do concello.

_ Roubar, maltratar e romper o material, equipamento e mobiliario da instalación.

_ Faltar ó respecto, insultar, ameazar ou realizar desconsideracións graves cara ó persoal técnico e responsable da instalación ou cara o resto de usuarios.

_ Non atender as normas de seguridade e/ou as reflectidas no plan de autoprotección e urxencias.

_ Realizar accións ou comportamentos que atenten contra a dignidade e decoro, ou que perturben e molesten a realización das actividades programadas e ós usuarios en xeral.

_ A realización de calquera tipo de actividade sen contar coa autorización pertinente ou o incumprimento das condicións establecidas na mesma.

_ A reiteración de dúas ou máis faltas leves.

3.- Considéranse faltas moi graves aquelas que impidan o normal funcionamento do Auditorio ou atenten contra o persoal e/ou os usuarios.

_ A perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ó exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas no normal desenvolvemento de actividades da súa clase conformes coa normativa aplicable, ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non previstas no capítulo IV da Lei 1/1992, de 21 de febreiro, de Protección da seguridade cidadá.

_ O impedimento ou a grave e relevante obstrución ó normal funcionamento dun servizo público.

_ Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo público.

_ O impedimento do uso dun espazo público por outra e outras persoas con dereito á súa utilización.

_ Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmobles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

_ A reiteración de dúas ou máis faltas graves.

Na aplicación das sancións terase en conta a existencia de intencionalidade ou reiteración e a natureza dos prexuízos causados.

As sancións serán as seguintes:

a) Faltas leves: Multa de ata 300 euros, que poderá ocasionar a prohibición ou imposibilidade de acceso á instalación durante un período máximo de un mes.

b) Faltas graves: Multa de ata 600 euros, que poderá ocasionar a prohibición ou imposibilidade de acceso á instalación durante un período máximo de un ano.

c) Faltas moi graves: Multa de ata 1000 euros, que poderá ocasionar a prohibición ou imposibilidade de acceso á instalación durante un período máximo de dous anos.

A potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

ARTIGO 11.-ANULACIÓN

-No caso de que o/a interesado/a decidise, por calquera razón, anular a actividade, deberá comunicalo con unha semana de antelación á/s data/s concedida/s.

-O Concello de Vilagarcía de Arousa resérvase o poder cambiar ou anular a data da actividade se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/á interesado/a coa debida antelación e ofertando unha nova data de acordo coa organización da actividade nun prazo razoable de tempo.

TÍTULO II SALÓN GARCÍA (CASA DA CULTURA DE VILAGARCÍA)

Co obxecto dunha maior eficacia no funcionamento do Salón García (salón de actos da Casa da Cultura de Vilagarcía), decídese establecer unhas normas de uso e funcionamento do mesmo, que serán de obrigado cumprimento para todos/as aqueles/as que queiran acceder ao préstamo ou utilización desta instalación municipal.

ARTIGO 12.-ACTIVIDADES

-Programación de espectáculos de teatro, danza, música, conferencias, cine e/ou calquera outra manifestación cultural en calquera das súas modalidades.

-Difusión, promoción e divulgación de calquera aspecto relacionado coa lingua e a literatura.

-A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais e educativas tamén entendidas como alternativa de lecer, nos sectores máis novos da poboación, a xestión debe intentar conseguir a participación activa e o compromiso da sociedade a través das variadas formas asociativas que permitan a democratización da cultura.

ARTIGO 13.-SOLICITUDE

Esta instalación debe ser solicitada cunha antelación mínima de un mes á data elixida para a actividade, por calquera persoa física ou xurídica, presentando a correspondente solicitude na que describa o acto a realizar, datas, horario e necesidades, de selo caso, así como o horario de apertura e peche das instalacións, tanto para montar o evento como para desmontalo unha vez rematada a actividade.

No caso de que a solicitude sexa presentada nun prazo inferior a un mes, por unha causa excepcional, esta será valorada pola Xunta de Goberno Local.

Unha vez estudado o expediente de solicitude, comunicárase ó/á interesado/a a decisión.

Para que estas actividades non interfiran no funcionamento propio da Biblioteca Municipal, situada no mesmo inmovible, haberá que realizar os eventos en horario e días que non interrompa ou cause molestias ós usuarios da mencionada biblioteca.

Establécese un prezo público pola utilización das instalacións, que se reflicten na ordenanza correspondente e en función dos tipos de entidades ou colectivos solicitantes da actividade administrativa.

A contía da taxa será a resultante da aplicación da tarifa en vigor para cada ano, na que se inclúe a prestación do servizo que se rexe polo presente regulamento.

ARTIGO 14.- CONCESIÓN

-Unha vez concedida a instalación, esta queda a disposición do/a solicitante, durante a/s data/s e no horario que se acorde.

ARTIGO 20.-ANULACIÓN

-No caso de que o/a interesado/a decidise, por calquera razón, anular a actividade, deberá comunicalo con unha semana de antelación á/s data/s concedida/s.

-O Concello de Vilagarcía de Arousa, resérvase o poder cambiar ou anular a data da actividade se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/á interesado/a coa debida antelación.

TÍTULO III SALA DE EXPOSICIÓNS ANTÓN RIVAS BRIONES

Co obxecto dunha maior eficacia no funcionamento da Sala de Exposicións Rivas Briones, na que se levan a cabo unha importante actividade cultural nas artes plásticas e visuais, decídese establecer unhas normas de uso e funcionamento da mesma, que serán de obrigado cumprimento para todos/as aqueles/as que queiran acceder ao préstamo desta sala.

ARTIGO 21.- SOLICITUDE.

a) A sala debe ser solicitada cunha antelación mínima de tres meses á data elixida para a exposición, por calquera persoa física ou xurídica, acompañada dun currículo e documentación fotográfica.

No caso de que a solicitude sexa presentada nun prazo inferior a un mes, por unha causa excepcional, esta será valorada pola Xunta de Goberno Local.

b) Unha vez estudado o expediente de solicitude e decidido o préstamo da sala, comunicárase ó/á interesado/a a decisión.

ARTIGO 22.- PERÍODO.

A utilización da sala non poderá ser inferior a dúas semanas nin superior a un mes.

Establécese un prezo público pola utilización das instalacións, que se reflicten na ordenanza correspondente e en función dos tipos de entidades ou colectivos solicitantes da actividade administrativa.

A contía da taxa será a resultante da aplicación da tarifa en vigor para cada ano, na que se inclúe a prestación do servizo que se rexe polo presente regulamento

ARTIGO 23.- CONCESIÓN.

A formalización da concesión da sala recollerase nun documento asinado por ambas as dúas partes no que queden reflectidos os correspondentes dereitos e obrigas de cada unha das partes.

O transporte da obra será a cargo do expositor

Unha vez concedida a sala, esta queda a disposición do/a expositor/a, durante as datas que se sinalen e no seguinte horario:

Luns e martes de 15:30 a 22:00 horas

Mércores, xoves e venres de 09:00 a 22:00 horas.

Sábado e domingo de 12:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 21:00 horas.

O Concello reservarase o dereito de ampliación dos horarios

-O Concello poderá confeccionar catálogos, cunha tirada de 150 exemplares como máximo, que constarán de 36 páxinas máximo, máis dúas portadas con solapas. Sen embargo os/as expositores/as poderán, pola súa conta, incrementar esta tirada aproveitando o traballo realizado polo Concello, deseño e maqueta, debendo aparecer tamén os logos que o Concello indique.

O expositor estará obrigado a remitir a este Concello (Concellería de Cultura), con quince días de antelación á inauguración da exposición o número de invitacións que necesite.

Toda publicidade que desexe efectuar o expositor, nos diferentes medios de difusión, será pola súa conta.

-O concello de Vilagarcía de Arousa non se fai responsable da recepción da obra, nin da retirada da mesma, así como da súa colocación na sala de exposicións, axustándose sempre ás condicións da mesma, sendo por conta de quen expón todos os gastos que se orixinen. Tampouco se fai responsable o concello da deterioración, roubo ou calquera outra circunstancia que lesione a obra exposta durante o período concedido de exposición.

-O/a artista deberá responder dos danos producidos nas instalacións ou no equipamento da mesma.

-Concluída a exposición, tanto o espazo ocupado como os seus materiais deberán quedar nas mesmas condicións que cando se cedeu, responsabilizándose o/a artista de cantas deterioracións ocasionase a montaxe e desmontaxe da obra.

-Aplicaranse as infraccións, sancións e réxime sancionador establecido no artigo 10 deste regulamento.

ARTIGO 24.- ANULACIÓN.

-No caso de que o/a expositor/a decidise, por calquera razón, anular a exposición, deberá comunicalo con un mes e medio de antelación á data concedida.

-Unha vez colocada a obra na sala de exposicións non poderá ser substituída, cambiada ou retirada, durante os días que dure a exposición.

-O Concello de Vilagarcía de Arousa, resérvase o poder cambiar ou anular a data da exposición se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/á expositor/a coa debida antelación e ofertando unha nova data de acordo coa organización da actividade nun prazo razoable de tempo.

TÍTULO IV PRAZA DA PEIXERÍA

Co obxecto dunha maior eficacia no funcionamento da Praza da Peixería, decídese establecer unhas normas de uso da mesma, que serán de obrigado cumprimento para todos/as aqueles/as que queiran acceder ao uso desta instalación municipal.

ARTIGO 25.- SOLICITUDE

a) A Praza da Peixería é un ben de dominio público, dedicado ó desenvolvemento dunha grande diversidade de actividades, entre as que destaca as relacionadas coa cultura e o lecer.

Esta instalación debe ser solicitada cunha antelación mínima de un mes á data elixida para a actividade, por calquera persoa física ou xurídica, presentando a correspondente solicitude, na que describa o acto a realizar, datas, horario e necesidades, de selo caso, así como o horario de apertura e peche das instalacións.

No caso de que a solicitude sexa presentada nun prazo inferior a un mes, por unha causa excepcional, esta será valorada pola Xunta de Goberno Local.

b) Unha vez estudado o expediente de solicitude, comunicárase ó/á interesado/a a decisión.

Establécese un prezo público pola utilización das instalacións, que se reflicten na ordenanza correspondente e en función dos tipos de entidades ou colectivos solicitantes da actividade administrativa.

A contía da taxa será a resultante da aplicación da tarifa en vigor para cada ano, na que se inclúe a prestación do servizo que se rexe polo presente regulamento

ARTIGO 26.- CONCESIÓN.

-Unha vez concedida a instalación, esta queda a disposición do/a solicitante, durante a/s data/s acordadas e no horario que se acorde.

-Este horario, tanto para a montaxe, realización da actividade ou para a desmontaxe, acordárase no momento da autorización, despois de coñecer o tipo de evento e consultado o persoal municipal encargado da organización destas actividades.

-O interesado deberá remitir a este concello (Concellería de Cultura), con unha semana de antelación, as necesidades técnicas e de persoal, de selo caso, para a montaxe e desenvolvemento do evento.

-Toda publicidade que desexe efectuar nos diferentes medios de difusión, será pola súa conta.

-O concello de Vilagarcía de Arousa non se fai responsable do deterioro ou danos durante os traballos de montaxe nin de retirada realizados polos peticionarios.

Tampouco se fai responsable o concello do deterioro, roubo ou calquera outra circunstancia que dane o material que alí se instale durante o período concedido.

-O/a interesado/a deberá responder dos danos producidos nas instalacións ou no equipamento da mesma.

-Aplicaranse as infraccións, sancións e réxime sancionador establecido no artigo 10 deste regulamento

ARTIGO 27.- DISPOSICIÓN XERAIS

Queda prohibido introducir e utilizar calquera elemento de vidro ou outro material quebradizo ou cortante, artigos pirotécnicos ou calquera produto inflamable, por parte do público asistente.

-Concluída a actividade, tanto o espazo ocupado como os seus materiais deberán quedar nas mesmas condicións que cando se cedeu, responsabilizándose o/a interesado/a de cantos danos ocasionase a realización da actividade.

ARTIGO 28.- ANULACIÓN

-No caso de que o/a interesado/a decidise, por calquera razón, anular a actividade, deberá comunicalo con unha semana de antelación á/s data/s concedida/s.

-O Concello de Vilagarcía de Arousa, resérvase o poder cambiar ou anular a data da actividade se, por forza maior, non puidese celebrarse, dando conta ó/á interesado/a coa debida antelación e ofertando unha nova data de acordo coa organización da actividade nun prazo razoable de tempo.

TÍTULO V CENTROS SOCIOCULTURAIS MUNICIPAIS

Centros socioculturais de Bamio (2)
Centro sociocultural de Trabanca Sardiñeira
Centro sociocultural do Carril
Centro sociocultural de Guillán

Centro sociocultural de Castro de Agudín
Centro sociocultural da Torre
Centro sociocultural de Trabanca Badiña
Centro sociocultural de Cea
Centro sociocultural de Rubiáns
Centro sociocultural de Zamar
Centro sociocultural de Fontecarmoa
Centro sociocultural do Piñeiriño
Centro sociocultural de Cornazo
Centro sociocultural de Sobradelo
Centro sociocultural de Faxilde
Centro sociocultural de Galáns
Centro sociocultural e deportivo de Vilaxoán
Centro sociocultural de San Roque

Os centros socioculturais son institucións abertas e accesibles ó público, encargado de xerar de maneira permanente procesos de desenvolvemento cultural, concertados entre a comunidade veciñal e o concello, destinados a preservar a transmisión e fomento de mostras artísticas e culturais propias da comunidade. É o lugar destinado para que as asociacións desenvolvan actividades que promovan a cultura, a educación, o deporte e o lecer, entre os seus membros.

Son un espazo de encontro e articulación de procesos sociais e culturais que posibilitan a inclusión da poboación co fin de dar acceso á arte, desenvolver actividades de formación e capacitación nas diferentes áreas artísticas e culturais, apoiando a creación artística e fomentando o intercambio cultural.

ARTIGO 29.- OBRIGAS DAS ENTIDADES

As entidades que teñen autorizado o uso dos centros socioculturais municipais deberán:

1º.- Ter aberta ó público o centro sociocultural polo tempo necesario para a realización das actividades.

2º.- Manter o estado de conservación ordinaria do centro, dando conta ó Concello de Vilagarcía de Arousa de calquera dano, deficiencia, deterioro ou mal estado do material, utensilios ou instalacións, e responsabilizarse do mantemento e bo funcionamento do mesmo.

3º.- Facerse cargo da limpeza e vixilancia do centro, e asumir o correspondente custo de material de limpeza.

4º.- Atender os requirimentos que lle formule o concello en orde a facilitar a inspección das instalacións e mobiliario, así como en relación a un bo uso dos mesmos.

5º.- As instalacións e material do centro son propiedade do concello, agás o material mercado pola/s asociación/s que nun momento determinado se depositen no citado centro.

6º.- Deberá levarse a cabo a redacción dun inventario anual onde consten os bens municipais e os bens da/s asociación/s ou entidade/s.

7º.- A Concellería de Cultura do Concello de Vilagarcía de Arousa, de ser o caso, será quen decida sobre a utilización do centro, cando exista discrepancia entre as entidades ou colectivos solicitantes.

8º.- O local destinado a cafetería, bar, etc, será obxecto de concesión administrativa por parte do concello.

Queda prohibida a instalación de bar, cafetería ou calquera outro servizo sen a autorización expresa do Concello de Vilagarcía de Arousa, como titular do ben. Así mesmo non se poderá ceder nin gratuíta nin onerosamente a terceiros o uso das instalacións. Quedan exceptuados desta cesión as actividades culturais, formativas, etc. que as asociación/s programe/n dentro das finalidades que lle son propias.

9º.- Non se poderán realizar obras novas ou de calquera tipo nas instalacións do centro, sen a previa autorización por escrito do concello.

10º.- A utilización dos espazos comúns deberá ser obxecto de acordo entre as asociacións asinantes (se o utiliza máis de unha asociación ou AA.VV.) deste convenio, debendo realizar unha programación trimestral de utilización de espazos comúns que será colocada no taboleiro de anuncios coa antelación suficiente para coñecemento xeral, reservándose o concello o dereito de modificalos, por motivos de interese público ou necesidades de utilización destes espazos, previa comunicación ás mesmas.

11º.- Dende o inicio das campañas electorais e ata o día da votación, terán preferencia, sobre calquera actividade programada pola/s asociación/s, os actos relativos ao proceso electoral.

12º.- O incumprimento das obrigas citadas nos apartados anteriores poderá implicar a retirada da utilización das instalacións culturais.

13º.- As asociacións culturais, agrupacións e demais colectivos con espazos cedidos pola Concellería de Cultura deberán ofertar un mínimo de dúas actuacións/actividades, de forma gratuíta, ao Concello, no modo, prazo e forma a convir por ambas partes.

ARTIGO 30.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

1.- As asociacións culturais, deportivas ou veciñais regulamentariamente constituídas non pagarán ningunha cantidade pola utilización dos espazos culturais dependentes do Concello de Vilagarcía de Arousa.

TÍTULO VI

LOCAIS DE ENSAIO DO AUDITORIO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

ARTIGO 31.- OBXECTO

O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material dos locais de ensaio do Concello de Vilagarcía de Arousa. Estas instalacións situadas no baixo do Auditorio de Vilagarcía de Arousa, pónense á disposición das distintas agrupacións musicais de Vilagarcía coa finalidade de facilitar un espazo para o ensaio musical a partir dos 15 anos e que non dispoñan de medios necesarios para o desenvolvemento desta actividade.

Constitúese, polo tanto, como un Servizo Municipal que pode ser empregado por grupos de música e solistas novos, tendo como finalidade o fomento da participación xuvenil e a súa creatividade artística.

ARTIGO 32.- DOTACIÓN

Os locais de ensaio están situados na Rúa Elpidio Villaverde e conta cunha superficie de 117 m². Os locais contan con un distribuidor de 9,84 m², unha sala de control de 11,49 m² e 3 locais, destinados a ensaio. Designados cos números 1, 2 e 3, estes espazos están completamente insonorizados e preparados acusticamente, resultando idóneos para o fin ao que se destinan. As salas contan co seguinte equipamento:

Sala 1-2 e sala de gravación co equipamento actual.

Sala 3: batería.

ARTIGO 33.- HORARIO

Os grupos poderán dispoñer dos locais de ensaio ata un máximo de 6 horas á semana, tendo en conta as solicitudes e horarios dispoñibles:

Horario de verán:

De luns a venres en horario de 8.30 h a 22.00 h.

Sábados: de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 h a 21.00 h.

Horario de inverno:

De luns a venres en horario de 11.00 h a 22.00 h.

Sábados: de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 a 21.00 h.

ARTIGO 34.- A SOLICITUDE DE ACCESO AOS LOCAIS DE ENSAIO

O acceso levarase a cabo mediante a presentación dunha instancia normalizada presentada no Rexistro Xeral do Concello e dirixida á/ó Concelleira/o-delegada/o de Xuventude.

Haberá distintos modelos de solicitude segundo a sala que se pretenda utilizar (sala de gravación ou ensaio). Poderán presentar solicitudes para o uso dos citados locais, aqueles/as solistas, bandas, grupos etc., integrados por maiores de 15 anos, que actúen en representación dun colectivo musical ou solistas, que precisen dun local para realizar os seus ensaios.

A solicitude deberá ser presentada e asinada ben polo/a solista, se ten a maioría de idade, ben por un representante do grupo (que non ten por que ser membro do grupo e que sempre deberá contar coa maioría de idade). Deberá conter os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- DNI
- Enderezo
- Correo electrónico
- Localidade
- Teléfono
- Relación de membros que compoñen o grupo con DNI, días e horario que solicita para o ensaio e/ou gravación.

Na solicitude de acceso á sala de gravación deberá contarse cun técnico de son encargado do manexo do equipamento material desta dependencia. Este técnico de son poderá designarse polo propio grupo ou no seu defecto polo Concello.

Estará a disposición dos/as interesados/as, tanto na Concellería de Xuventude coma na páxina web do Concello, o modelo normalizado de solicitude así como un parte de incidencias.

Para garantir unha programación axeitada do uso por parte dos/as potenciais usuarios/as, as solicitudes deberán ser presentadas cunha antelación mínima de 15 días con respecto á data solicitada. Este local deberá ser utilizado con carácter temporal polo que en ningún caso poderá ser domicilio social dos grupos, nin constituír o lugar permanente onde realizar as súas actividades.

ARTIGO 35.- PREZOS PÚBLICOS

Co obxecto de garantir un correcto uso das instalacións e equipos, así como a súa reposición, reparación ou indemnización de danos en caso de alteración, cobrarase unha matrícula e os prezos públicos fixados na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións culturais municipais. O prezo público fixado variará en función de que o/a usuario/a sexa ou non un/unha solista empadroad/a en Vilagarcía de Arousa ou de que se trate dun grupo no que o 75% dos seus membros

ou máis estean empadroados no municipio de Vilagarcía de Arousa ou dun grupo no que menos do 75% dos seus membros estean empadroados.

Esta taxas ou cotas non eximirán, en ningún caso, do pago dos danos e deterioro do equipamento derivados dun mal uso e que sexan directamente causados polo/a solista ou polos usuarios do grupo rexistrado. A contía do pago será fixada por unha comisión integrada polo/a Concelleiro/a e persoal de Xuventude en base aos informes técnicos previos. Esta comisión elevará a súa proposta á Xunta de Goberno Local. O pago determinado poderá facerse efectivo pola vía de constrinximento.

ARTIGO 36.- ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo deberá ter dispoñible o documento de autorización e dirixirse ao traballador responsable do Auditorio de Vilagarcía de Arousa nese momento para rexistrar a súa entrada. Deberá achegar, no seu primeiro día de uso, unha copia do xustificante de pagamento da matrícula, e a primeira semana de cada mes deberá acreditar o pago do prezo público mensual presentando o xustificante de pagamento correspondente dentro dos primeiros 15 días de cada mes. O uso da instalación implicará a aceptación das normas básicas que se achegan así como as específicas do Auditorio de Vilagarcía de Arousa e do Conservatorio.

b) O acceso ás instalacións será realizada xunto cos/as técnicos/persoal responsable do Concello.

c) Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera deterioro ou incidencia ao persoal responsable do mesmo, mediante un parte de incidencias de obrigado cumprimento.

d) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. Tanto o local coma o material debe quedar recollido para o uso do seguinte grupo.

e) O Concello de Vilagarcía de Arousa faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións, así como do mantemento técnico dos materiais.

f) O acceso á sala de gravación estará restrinxida a todos aqueles solistas ou grupos que non actúen baixo a supervisión dun técnico de son que é o único que pode manipular o equipamento da sala de gravación. Este técnico de son será designado polo propio grupo na solicitude da sala de gravación e no seu defecto polo Concello.

g) Serían motivos para impedir o uso dos locais de ensaio:

- Incumprir algún dos requisitos contidos no artigo 37 deste regulamento, ben antes de autorizarse a concesión do local (en tal caso xa non se autorizaría o uso do local) ou ben logo de que esta se produza.
- A non presentación dos xustificantes de pagamento dos prezos públicos correspondentes nos prazos determinados no apartado a)
- Impedir o bo funcionamento das instalacións, tanto provocando danos nas mesmas como dificultando o seu uso a certos colectivos.
- Promover manifestacións musicais ou escénicas contrarias á dignidade das persoas ou grupos nos que se integran (xenofobia, sexismo, militarismo ou apoloxía da violencia).

ARTIGO 37.- OBRIGAS DOS USUARIOS DOS LOCAIS DE ENSAIO

O/A usuario/a ten as seguintes obrigas:

a) Pagar os prezos públicos correspondentes fixados pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións culturais municipais.

a) Respetar os horarios e salas asignados. Non se permitirá o acceso ás instalacións dos usuarios que cheguen media hora máis tarde da hora asignada. É necesario limitarse á utilización das salas asignadas para non entorpecer o funcionamento do Conservatorio ou doutras actividades que se realicen no Auditorio. Igualmente e coa mesma finalidade, despois do acceso á sala solicitada, o/a usuario/a deberá proceder a pechar a porta da sala utilizada previamente á realización do ensaio ou gravación.

b) Cubrir o parte de asistencia.

c) En caso de non utilizar o local en tres ocasións consecutivas ou en cinco trimestrais, sen xustificación, procederase ao inicio dun expediente administrativo que culminará coa baixa do grupo ou solista. Esta baixa realizarase de oficio e en ningún caso este grupo poderá volver a presentar unha nova solicitude antes do prazo de tres meses a contar dende a data da última falta.

d) So poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podendo autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización da Concellería de Xuventude.

e) Queda terminante prohibido trasladar material dunha sala a outra.

f) Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido e almacenado no seu lugar correspondente para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e da instalación de cables, quedando todo desconectado da rede eléctrica.

g) No caso de que se produzan danos por negligencia ou mala fe, o grupo ou persoa da que se trate, a través do seu representante deberá repoñer integramente o danado ou pagar o importe íntegro da súa reposición.

h) Non se permite fumar, beber ou comer nas distintas salas dos locais de ensaio.

i) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento periódico que se convoquen dende a Concellería de Xuventude.

j) En ningún caso poderá destinarse este espazo municipal a fins distintos a aqueles para os cales se fai a solicitude.

ARTIGO 38.- CONFLITOS

O Concello, a través do órgano competente, será o encargado de dilucidar os conflitos que puideran xurdir por mor da dispoñibilidade dos locais de ensaio.

ARTIGO 39.- INCUMPRIMENTOS

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar á perda do dereito ao uso e goce das instalacións e materiais indicados nos artigos anteriores durante un período de un ano, sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

A responsabilidades polo incumprimento das obrigas establecidas no artigo 36 será solidaria, polo que se algún integrante do grupo incumpre algunha das obrigas que figuran neste regulamento, dará lugar á perda do dereito de goce do local para o devandito grupo ou solista.

DISPOSICIÓN FINAL.- Este Regulamento entrará en vigor logo de que se publique integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días, segundo se reflicte nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

8.- EXAME DAS RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE UTILIZACIÓN DO AUDITORIO E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO..- Pola Sra. Secretaria dáse conta do dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2013, do seguinte teor:

O Pleno do Concello de Vilagarcía, na sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2013, acordou aprobar con carácter inicial a Ordenanza nº 43 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización do Auditorio e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, expúxose ao público durante o prazo de 30 días no taboleiro de anuncios do Concello así como mediante o seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* (16-05-2012), presentáronse no Rexistro Xeral, o día 11 de maio de 2013, un escrito de alegacións, asinado por varias asociacións e colectivos, así como polos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU

Dáse conta do informe emitido polo Xefe do Negociado de Rendas en relación coas alegacións.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG e IU informan favorablemente as alegacións presentadas.

As/os representantes do grupo de goberno (PP e IVIL), din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmanse favorablemente as alegacións presentadas así como a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos de utilización do Auditorio e outras instalacións do Concello.

Despois da deliberación auséntanse da sesión os concelleiros membros dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU.

Sometido a votación polo Sr. Alcalde o asunto, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ó grupo de goberno (PP-10 e IVIL-1)

ACÓRDASE: Rexeitar as alegacións presentadas durante o período de exposición ao público e que figuran contidas no texto alternativo presentado o 11 de maio de 2013 e aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos de utilización do Auditorio e outras instalacións do Concello, co texto aprobado inicialmente na sesión celebrada o día 16 de marzo de 2013.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A CANCELACIÓN DE CONTAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, EN NOVAGALICIA BANCO EN APOIO AOS AFECTADOS POLAS OBRIGAS PREFERENTES E SUBORDINADAS..- Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 23 de maio de 2013, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presentada coa data de 14 de maio de 2013, do seguinte teor:

MOCIÓN SOBRE A CANCELACIÓN DE CONTAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA EN NOVAGALICIA BANCO EN APOIO AOS AFECTADOS POLAS OBRIGAS PREFERENTES E SUBORDINADAS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

Exposición de motivos

Hai máis dun ano, o actual presidente da Xunta de Galicia anunciou que a fraude das obrigas preferentes e subordinadas atopábase en vías de solución, propoñendo o sometemento dos afectados a un laudo arbitral, proposta que, pese á retórica oficialista, só significa unha nova humillación para os milleiros de estafados.

A medida que se ía achegando a data das Eleccións Autonómicas de outubro do ano pasado, o PP intensificaba as súas mensaxes dunha suposta solución inmediata. O señor Núñez Feijoo iniciaba a precampaña electoral a primeiros de setembro no castelo de Soutomaior prometendo unha solución xusta para os afectados pola estafa. Acompasadamente, o número de arbitraxes crecía, nun intento de dar credibilidade ás palabras do candidato “popular”.

Ao longo dos meses de setembro e outubro moitos líderes conservadores, non só o señor Núñez Feijoo, senón tamén ao señor Louzán Abal e mesmo alcaldes dos concellos máis afectados, prometeron unha “saída xusta” e presentáronse publicamente como os verdadeiros aliados dos afectados.

Sen embargo, pasadas as eleccións, constatouse un increíble descenso no número de arbitraxes e hai poucas semanas, a prometida solución xusta do PP esvaeceuse ao quedar reducida a unha primeira quita de máis dun 40% e a unha segunda, en caso de monetarización das accións, que suporía a ruína absoluta dos estafados, agora dobremente enganados.

Nisto, e non noutra cousa, consisten as solucións ofertadas polo PP.

Fronte a todo isto, os estafados seguen a esixir xustiza e demandan de todos os partidos políticos non só apoio moral e xestos máis ou menos efectistas, senón “política de feitos” e a busca activa de solucións efectivas para unha situación sumamente inxusta e que mesmo

degrada a condición humana dos afectados. Prodúcese peches en concellos, “enfundamentos” de camisetas, adóptanse resolucións de apoio, asístese ás manifestacións e concentracións... Pero o certo é que o problema segue estancado. Os afectados só ven que Novagalicia Banco segue cuberto e apoiado polos gobernos de Madrid e da Xunta. A única esperanza real para os afectados son as sentenzas, que, a contagotas, van emitindo os xulgados.

A pesar de todo isto, o Concello de Vilagarcía de Arousa mantén con Novagalicia Banco relacións financeiras e comerciais.

Os socialistas de Vilagarcía entendemos que xa non é suficiente limitarse aos xestos institucionais. Chegou o momento dos feitos. As Administracións deben fuxir de calquera vestixio de hipocrisía e emprender accións claras, explícitas e contundentes.

Diante destas consideracións, o Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa acorda:

1.- O Concello de Vilagarcía de Arousa requerirá á entidade Novagalicia Banco para que no prazo dun mes proceda a iniciar a devolución íntegra das cantidades estafadas aos aforradores do municipio cas preferentes e subordinadas.

2.- Se no prazo indicado non se produce a devolución aos estafados, procederáse a cancelación das contas municipais en NGB coa única limitación da preservación dos intereses municipais.

3.- Esixir a derogación do RD polo que se lle expropia grande parte dos seus aforros aos afectados polas preferentes e subordinadas e dirixirse ao Goberno Central para que adopte as medidas precisas para que os afectados recuperen os seus aforros de xeito íntegro.

4.- Acórdase dar traslado deste acordo á FEGAMP, á FEMP e ao FROB, e solicitar do resto de institucións (Administración Xeral do Estado e Xunta de Galicia) que adopten o mesmo acordo.

Vilagarcía de Arousa, 14 de maio de 2013

Asdo. A Portavoz do Grupo Municipal Socialista

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes do grupo de goberno (PP e IVIL) e dos grupos municipais do BNG e EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente moción presentada polo grupo municipal do PSG-PSOE sobre cancelación de contas do Concello de Vilagarcía de Arousa en Novagalicia Banco en apoio aos afectados polas obrigas preferentes e subordinadas.

- Incorpóranse á sesión os Sres Rodríguez Cuervo, Mouriño Santiago e García Sanmartín, os restantes membros dos grupos municipais do PSOE, BNG e EU no Salón de Plenos situanse xunto a un grupo de gaiteiros que entran tocando no Salón de Plenos, a continuación volve a entrar o público asistente á sesión.

- Sendo as 19:10 horas suspendese o Pleno polo Sr. Alcalde.

- Sendo as 19:40 horas se reanuda a sesión plenaria de novo.

- Incorpóranse á sesión os Concelleiros do grupo de goberno (PP e IVIL) e dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, excepto o Sr. Rodríguez Cuervo; do BNG, excepto o Sr. Ríos González e de EU excepto o Sr. Bueno Piñeiro.

- A Sra. García Sanmartín di que se presentou esta moción en outros concellos como Pontevedra e votouse a favor.

A Moción é moi clara, hai unha débeda con esas persoas que teñen os aforros secuestrados. Débense cancelar as contas municipais se non devolven os cartos aos aforradores.

- O Sr. Fajaro Recouso intervén dicindo que se deben xuntar os voceiros para suspender o Pleno. Débese suspender definitivamente e celebrarse outro día, se non non continuará na sesión.

- A Sra. Villaronga Chazo indica que non son formas. Non houbo un receso completo e pide que se suspenda o pleno de hoxe e en caso contrario abandonará o Pleno.

- O Sr. Serén Mera di que o PSOE solicita que se suspenda e se convoque en forma e hora para outro día. Houbo compañeiros que marcharon e debe celebrarse outro día e se non abandonarán o pleno.

Di que o Alcalde debe suspender o pleno se o estima oportuno e lle piden que teñan a ben suspendelo.

- A Sra. Secretaría da lectura ao Artigo 13.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, que di:

3.- Se por calquera causa, durante a realización da sesión se producise unha alteración da orde pública que, a xuízo da presidencia, impedise o normal desenvolvemento da sesión, poderá ordenar a súa suspensión polo prazo máximo de media hora. Se transcorrido este prazo, non se pode continuar normalmente, a presidencia, trala consulta coa xunta de voceiros, optará por reanudala a porta pechada ou por levantala definitivamente. Neste caso os asuntos que queden pendentes terán que ser tratados noutra sesión que terá lugar dentro dos dez días hábiles seguintes co mesmo carácter que tivese a que se suspendeu.

- O Sr. Alcalde ensina o Regulamento Orgánico do Pleno e di que foi aprobado por unanimidade.

Tamén indica que vai convocar o Pleno para outro día e levántase definitivamente a sesión sendo as 19:50 horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta minutos, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.

